



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA  
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



plano estratéxico  
da universidade  
da coruña 2005-2010

# PLANO ESTRATÉXICO DA UDC

## PLANO OPERATIVO ANUAL

2008



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA  
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



plano estratéxico  
da universidade  
da coruña 2005-2010

## INTRODUCCIÓN

A Programación Plurianual 2007-08 do plano estratéxico da UDC, aprobada polo Consello de Goberno o 15/05/2007 e polo Consello Social o 14/06/2007, vinculaba as actuacións programadas no documento PEUDC\_D9 ás previsións financeiras. Estes documentos son os referentes máis inmediatos na elaboración do presente Plano Operativo Anual (POA), que pretende concretar aínda máis esa vinculación. A información central, referida ao documento do orzamento correspondente ao exercicio 2008, complementábase con información extraorxamentaria relevante para o exercicio, como investimentos en proxectos da UDC asumidos directamente por outras entidades ou incorporacións de créditos existentes no presente ano.

O resto do documento estrutúrase do seguinte xeito:

- Revisión das previsións da programación plurianual.
- Dotación económica dos proxectos do plano estratéxico:
  - Proxectos na área de Docencia.
  - Proxectos na área de I+D+i.
  - Proxectos na área de Relacións coa Sociedade.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA  
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



plano estratéxico  
da universidade  
da coruña 2005-2010

## REVISIÓN DAS PREVISIÓNS DA PROGRAMACIÓN PLURIANUAL

O seguinte cadro contén, xunto cos datos do orzamentos de 2007, os das previsións contidas na Programación Plurianual para 2008 e os do orzamento elaborado para o mesmo ano:

	2007	Progr.Plur. 08	2008
<b>INGRESOS</b>			
<b>CAPÍTULO 3: TAXAS E OUTROS INGRESOS</b>			
DEREITOS DE MATRÍCULA	14.229.053	14.502.251	14.802.484
OUTROS INGRESOS CORRENTES	1.109.400	1.215.300	1.403.380
<b>Total Capítulo 3</b>	<b>15.338.453</b>	<b>15.717.551</b>	<b>16.205.864</b>
<b>CAPÍTULO 4: TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>			
FONDO INCONDICIONADO	71.525.475	78.141.581	77.462.089
TRANSFERENCIA INCONDICIONADA INEF	3.005.953	3.096.132	3.096.132
CONTRATOS PROGRAMA	875.582	1.023.525	1.023.525
SEXENIOS E COMPLEMENTOS AUTONÓMICOS	3.071.735	3.663.887	3.324.386
PRAZAS SERGAS	955.450	1.000.422	1.015.000
ACHEGA POR NIVELACIÓN	3.481.783	3.838.665	3.805.588
ACHEGAS ENTIDADES FINANCEIRAS	450.000	600.000	686.000
OUTRAS ACHEGAS CORRENTES	785.610	1.309.179	2.677.820
<b>Total Capítulo 4</b>	<b>84.151.587</b>	<b>92.673.390</b>	<b>93.090.540</b>
<b>CAPÍTULO 5 INGRESOS PATRIMONIAIS</b>			
<b>Total Capítulo 5</b>	<b>300.000</b>	<b>309.000</b>	<b>515.000</b>
<b>CAPÍTULO 7: TRANSFERENCIAS DE CAPITAL</b>			
FONDO DE INVESTIMENTOS	6.106.283	6.106.283	6.106.283
ACHEGA DIRECTA APOIO Á INVESTIGACIÓN	1.501.351	1.844.051	1.844.051
OUTRAS TRANSFERENCIAS INVESTIMENTOS	3.689.770	5.265.993	5.510.073
<b>Total Capítulo 7</b>	<b>11.297.405</b>	<b>13.216.327</b>	<b>13.460.407</b>
<b>CAPÍTULO 8: ACTIVOS FINANCEIROS</b>			
REMANENTE TESOURARÍA	1	1	1.124.828
<b>Total Capítulo 8</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>1.124.828</b>
<b>CAPÍTULO 9: PASIVOS FINANCEIROS</b>			
ANTICIPO PARQUES			2.428.000
<b>Total Capítulo 9</b>			<b>2.428.000</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>111.087.446</b>	<b>121.916.269</b>	<b>126.824.639</b>
<b>GASTOS</b>			
<b>CAPÍTULO 1: PERSOAL</b>			
PDI	54.620.535	58.217.282	57.765.875
PAS	22.313.632	24.781.448	24.834.846
<b>Total Capítulo 1</b>	<b>76.934.167</b>	<b>82.998.730</b>	<b>82.600.721</b>
<b>CAPÍTULO 2: GASTO CORRENTE</b>			
<b>Total Capítulo 2</b>	<b>17.207.363</b>	<b>18.239.805</b>	<b>18.755.868</b>
<b>CAPÍTULO 3: GASTO FINANCEIRO</b>			
<b>Total Capítulo 3</b>	<b>42.000</b>	<b>42.000</b>	<b>19.000</b>
<b>CAPÍTULO 4: TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>			
<b>Total Capítulo 4</b>	<b>3.052.106</b>	<b>3.418.359</b>	<b>3.488.665</b>
<b>CAPÍTULO 5: FONDO DE CONTINXENCIA</b>			
<b>Total Capítulo 5</b>	<b>250.000</b>	<b>250.000</b>	<b>250.000</b>
<b>CAPÍTULO 6: INVESTIMENTOS REAIS</b>			
EDIFICIOS, MAQUINARIA, MOBILIARIO, INFORMÁTICA	5.540.828	8.874.058	10.617.593
FONDOS BIBLIOGRÁFICOS	2.723.160	2.804.855	2.808.934
GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARÁCTER INMATERIAL	2.422.980	2.004.728	3.763.199
INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA	2.872.322	3.159.554	4.301.917
<b>Total Capítulo 6</b>	<b>13.559.290</b>	<b>16.843.194</b>	<b>21.491.642</b>
<b>CAPÍTULO 7: TRANSFERENCIAS DE CAPITAL</b>			
<b>Total Capítulo 7</b>	<b>31.270</b>	<b>32.208</b>	<b>1.270</b>
<b>CAPÍTULO 8: VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCEIROS</b>			
<b>Total Capítulo 8</b>	<b>11.250</b>	<b>11.250</b>	<b>136.750</b>
<b>CAPÍTULO 9: VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS</b>			
<b>Total Capítulo 9</b>	<b>0</b>	<b>80.723</b>	<b>80.723</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>111.087.446</b>	<b>121.916.269</b>	<b>126.824.639</b>



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA  
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



A continuación analízase a evolución dos parámetros nos que se baseaban as previsións para o orzamento de 2008:

- O incremento global previsto era dun 9,75%, aínda que se sinalaba a necesidade de acadar financiamento adicional incluso para manter os niveis de investimentos. O incremento global do orzamento é dun 14,2%, grazas a que se obtivo financiamento extraordinario, fundamentalmente nos capítulos 8 e 9 de ingresos: en 2008 financian gasto 1,1 millóns de euros do remanente non aplicado en 2007 e 2,4 millóns correspondentes á anualidade do anticipo reembolsable acadado na convocatoria de Parques da Dirección General de Política Tecnolóxica do MEC resolta en 2007. Deixando aparte este financiamento e os ingresos recollidos nos artigos 40 e 48, que responden a un cambio de criterio contable, o crecemento do orzamento sitúase preto dos niveis previstos (concretamente un 0,5% por enriba da previsión).
- O comportamento da matrícula no curso 2007-08, no que se incrementaron tanto os alumnos novos como os totais, permite revisar á alza as previsións de evolución da matrícula, asumindo un lixeiro aumento no número de estudantes (nun 1%).
  - A suba das taxas axústase á baixa para reflectir a postura mantida pola UDC nos últimos anos favorable a limitar a subida das taxas ao incremento do IPC (suponse un 3%).
- O crecemento dos ingresos non financeiros da Xunta de Galicia, que son a base para indiciar o financiamento incondicionado e o fondo de nivelación, estimárase no promedio do crecemento dos dous últimos anos (9,25%), e finalmente foi dun 8,30%. Non obstante, esta rebaixa veuse sobradamente compensada cos novos contratos-programa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- As transferencias de capital increméntanse substancialmente, axustándose bastante ás previsións considerando a alta variabilidade desde capítulo (crece un 19%, fronte a unha previsión dun 17%).
- Os gastos en PAS axústanse con precisión ao previsto (a desviación é do 0,5%). O mesmo ocorre cos do PDI, coa salvedade de que a revisión das deducións docentes por labores de xestión contemplábase con carácter



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA  
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



plano estratéxico  
da universidade  
da coruña 2005-2010

anual (cun custo de 700.000 €) pero comeza a aplicarse no curso 2008-09, o que explica a desviación duns 450.000 €.

- O gasto corrente medra a un ritmo do 9% anual, e, segundo o previsto, mantense lixeiramente por baixo do 15% do gasto total.
- O capítulo 4 crece un 14,30%, por un 14,17% global. Axustando estas dúas cifras pola existencia de cambios contables e de financiamento extraordinario, os incrementos situaríanse, respectivamente, no 10,69% e o 10,25%.
- O fondo de continxencia mantense no nivel de 2007.
- Os investimentos reais, previstos en 16,8 millóns de euros, chegan a 21,5 millóns. A diferenza explícase polo financiamento extraordinario dispoñible (remanente e anticipo reembolsable) e os cambios contables (bolsas de investigación por 0,5 millóns que pasan do capítulo 4 ao 6 ao transformarse en contratos predoutorais): descontados estes factores, os investimentos situaríanse en 17,4 millóns, lixeiramente por enriba das previsións en virtude da captación de fondos de investigación.
  - Os gastos en biblioteca evolucionan segundo o previsto, incrementando o gasto en revistas e manténdoo en libros.
  - O incremento neto do capítulo respecto das previsións destínase a edificacións (uns 1,8 millóns de euros), e investigación (2,4 millóns).



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA  
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



plano estratéxico  
da universidade  
da coruña 2005-2010

## **DOTACIÓN ECONÓMICA DOS PROXECTOS DO PLANO ESTRATÉXICO**

De seguido abórdase a revisión da dotación económica (orzamentaria, normalmente, ou extraorzamentaria) dos proxectos recollidos no Plano Estratéxico. Aínda que se fai referencia aos 45 proxectos enunciados, existe a consciencia de que as interdependencias entre os proxectos e entre as partidas orzamentarias fai imposible que a revisión sexa exhaustiva. O mesmo que no documento do Plano, os proxectos clasifícanse nas áreas de Docencia, I+D+i e Relacións coa Sociedade:

### **DOCENCIA**

- P1.1. Fomento da cultura da calidade
  - O orzamento do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) acada os 250.000 €.
  - O custo dos Profesores Responsables de Calidade dos centros inclúese nos gastos do capítulo 1.
- P1.2. Fomento da cultura da innovación
  - A partida de Investimentos para a Calidade e a Convergencia, coa que se atenden as convocatorias anuais de contratos-programa, acada en 2008 os 640.000 €.
  - A Unidade Técnica de Calidade (UTC) ten unha dotación para investimentos de 150.000 €.
- P2.1. Programa de formación en materia de EEES
  - A partida destinada a formación do PDI (ver Docencia P1.1) complementábase cos 170.000 € destinados ao Plano de formación continua do PAS (capítulo 1).
- P2.2. Adaptación das estruturas docentes ao EEES
  - O cómputo da investigación no POD, implantado no curso 2007 ten no 2008 repercusión anual (véxase I+D+i P1.1).
  - Na Programación Plurianual estimábase en 700.000 € o custo anual das deducións docentes por actividades de xestión, incluíndo o incremento das correspondentes aos equipos decanais. No orzamento



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA  
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



do ano 2008 contéplase a revisión destas deducións no curso 2008-09, polo que o custo incluído é o correspondente ao último trimestre do ano.

- o No referente á adaptación das infraestruturas, as accións iniciadas o presente ano, coma o Plan director ou o Programa de Intensificación da Adaptación ao Espacio Europeo de Educación Superior, no que as facultades e escolas investiron máis de 2,2 millóns de euros grazas ao saneamento das contas, terán continuidade nunha serie de actuacións, que inclúen:
  - O inicio dun edificio de despachos para a Facultade de Informática e a Escola de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos, para o que se dispoñen 900.000 €.
  - Novos despachos na Facultade de Ciencias: 120.000 €.
  - 250.000 € para outras obras de adaptación ao EEES. Existen expectativas de que, o mesmo que este ano, tras a liquidación do exercicio 2007 podan reforzarse as accións de adaptación. Nese senso, a evidencia actualmente dispoñible apunta unha certa concentración das necesidades nos campus de Ferrol e Bastiagueiro.
- P3.1. Revisión e avaliación do mapa de titulacións
  - o O orzamento total da Unidade Técnica de Calidade (ao que se fai referencias parciais nos apartados Docencia P1.2 e I+D+i P6.2) é de 310.000 €.
- P3.2. Orientación de recursos humanos e materiais ás novas titulacións
  - o O apoio financeiro aos POPs nos contratos-programa de 2007 complementouse con axudas procedentes da Xunta de Galicia e cunha dotación extraordinaria con cargo ao Programa de Intensificación da Adaptación ao Espacio Europeo de Educación Superior. Esta última, de 221.000 €, aínda que non figura no orzamento será en parte executada no ano 2008 mediante a incorporación parcial de créditos.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA  
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



- Os alumnos dos POPs están entre os beneficiarios do programa xeral de bolsas de Master/Doutoramento (168.000 €) e teñen un programa específico financiado polo Banco Santander (ver Docencia P5.1).
  - Contémplase a contratación de 12 profesores asociados P3 para Masters Oficiais de carácter profesionalizante. O custo por praza achégase aos 6.000 €.
- P3.3. Potenciación do coñecemento de idiomas
  - Amais de actualizar o importe das súas partidas coma o resto dos centros, o Centro de Linguas disporá de 5.000 € adicionais para atender os compromisos derivados do convenio asinado co Instituto Cervantes.
- P4.1. Fomento das TICS: Hardware
  - A partida de Equipamento informáticos ascende ata os 330.000 €, e entre as aplicacións previstas destes fondos está a instalación dunha nova sala de videoconferencia avanzada.
  - Para renting de equipos informáticos destínanse 80.000 € adicionais.
    - Tamén se prevé financiar mediante renting o proxecto de impresión nas aulas de informática.
- P4.2. Fomento das TICS: Software
  - Iniciarase a produción propia de contidos audiovisuais, para o que se ten dotada unha partida con 50.000 €.
- P5.1. Reforzo dos programas de bolsas
  - O crecemento nominal do capítulo 4 é dun 14,30%, por enriba do 14,17% de crecemento xeral do orzamento. Unha vez feitos os axustes en ambas partidas, para ter en conta o efecto dos cambios de capítulo ou criterio contable e o efecto das fontes de financiamento extraordinarias, o crecemento das bolsas situaríase nun 10,67%, mentres que o global sería dun 10,25%.
    - As bolsas de doutoramento (600.000 € en 2007) desdóbranse en bolsas de Master/Doutoramento (168.000 €) e contratos predoutorais (528.000 €, pasan ao capítulo 6).





UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA  
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



- O novo convenio co Banco Santander permitiu implantar xa en 2007 os premios aos mellores expedientes de cada titulación e as bolsas UDC-Santander para alumnos de Masters Oficiais. Cada un destes programas conta con 50.000 € no orzamento de 2008, con cargo a o citado convenio.
- A exención de taxas do alumnado con discapacidade está xa acadada, coa axuda do impulso proporcionado pola postura da UDC. De feito a postura da UDC foi favorable á aplicación desta exención pese a que non estea aínda resolto o problema da compensación destas taxas pola Xunta de Galicia.
- P5.2. Promoción da UDC entre os alumnos potenciais
  - Dentro da partida de Información e Divulgación da Vicerreitoría de Estudantes (71.500 €), 34.000 € corresponden ás actividades de promoción vinculadas a MIUDC.
  - As catro bolsas da Fundación La Carolina para a realización de estudos de posgrado de alumnos iberoamericanos na UDC comprometidas no convenio co Banco Santander (a partir do curso 2008-09) non se recollen no orzamento, pois prevese a súa execución extraorxamentaria.
- P6.1. Programa en rede de prácticas en empresa
  - O programa en rede de prácticas en empresa, para o que o orzamento de mantemento é de 6.500 €, xa está en funcionamento.
- P6.2. Reforzo dos contactos con empresas para prácticas
  - O programa Leonardo de prácticas en empresas doutros países da U.E., iniciado en 2007, supón un gasto total de 114.000 €, dos que o 56% está subvencionado.
- P7.1. Axilización da xestión académica (ver tamén I+D+i P5.2)
  - O orzamento previsto para a plataforma Xescampus no ano 2008 é de 280.00 €.
- P8.1. Actualización do papel da biblioteca universitaria
  - O orzamento destinado á compra de libros por parte dos centros e departamentos en 2008 é de 853.000 € e 469.000 €



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA  
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



respectivamente. En canto a revistas, aos 1.440.000 € para adquisición directa hai que engadir 104.000 € de contribución a Bugalicia e 25.000 € para préstamo interbibliotecario. O investimento total supera os 2.900.000 €.

- O traslado dalgúns (estímase que por enriba de 10) dos PCs destinados a matrícula en 2007 ás bibliotecas, permitirá reducir o custo da dotación de novos postos multimedia nestas instalacións.

## I +D+i

- P1.1. Cómputo da actividade investigadora no POD
  - O cómputo da investigación no POD, implantado no curso 2007, supuxo un desconto no POD de 18.000 horas anuais, e, segundo se estimaba na programación plurianual, supón un custo próximo a 1.000.000 €.
    - Segundo o previsto no Plano Estratéxico, este cómputo inclúe deducións de carga docente por dedicación a proxectos de investigación, polos sexenios de investigación acadados e pola dirección de teses de doutoramento.
    - As medidas incentivadoras da realización de teses polo profesorado da UDC concréntanse na redución de 270 a 220 horas lectivas anuais dos titulares de EU doutores e dos colaboradores doutores, e nas deducións docentes por acadar o título de DEA e polo depósito da tese.
- P1.2. Dotación de recursos para os grupos de investigación
  - A partida de Programas Universidade está dotada en 2008 con 250.000 €, o que permitira afrontar, entre outras accións, axudas plurianuais a grupos consolidados e incentivos para grupos emerxentes.
    - Os contratos-programa plurianuais para grupos consolidados foron convocados por primeira vez en 2007, dentro do marco do convenio de colaboración co Banco Santander, cunha dotación de 120.000€ para ese ano e unha duración ata 2009.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA  
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



plano estratéxico  
da universidade  
da coruña 2005-2010

- A estimación de custos de persoal inclúe a dotación necesaria para convocar as prazas que permitan concursar aos investigadores contratados Parga Pondal e Ramón y Cajal que rematen o seu contrato en 2008.
- P2.2. Desenvolvemento do Parque Tecnolóxico na Coruña
  - O investimento previsto no orzamento de 2008 para a ampliación do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) é de 3 millóns de euros. Deberán engadirse, vía incorporación do crédito xerado en 2008, 2,3 millóns € acadados na convocatoria de anticipos reembolsables da Dirección General de Investigación do MEC resolta en 2007.
  - O investimento orzado para a ampliación do Centro de Investigacións en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC), é de 975.000 €.
  - Os investimentos nas ampliacións do CITEEC e no CITIC orzados en 2008 fináncianse parcialmente mediante o anticipo reembolsable acadado na convocatoria de Parques da Dirección General de Política Tecnolóxica do MEC resolta en 2007. No capítulo 8 de ingresos recóllese a anualidade prevista para o próximo exercicio, de 2,4 millóns de euros.
  - No caso do Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA), os 12.000 € orzados son testimoniais comparados cos 1,7 millóns de anticipo reembolsable da Dirección General de Investigación do MEC, que deberán tramitarse como incorporación do crédito de 2007.
  - No caso do Centro Empresarial (viveiro de empresas + locais en aluguer a empresas), a Consellería de Innovación e Industria asume todo o proxecto, polo que non ten reflexo no orzamento. Está en marcha a expropiación dos terreos.
- P2.3. Desenvolvemento do Parque Tecnolóxico en Ferrol
  - Polo mesmo motivo que no caso anterior tampouco se recolle no orzamento o Centro do Naval (13 millóns de euros en 6 anos), no



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA  
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



- que a UDC colabora coa Consellería de Innovación e Industria e o Clúster do Naval.
- Comparten o carácter extraorxamentario os 1,8 millóns de euros de investimento previstos pola Consellería de Innovación e Industria (que espera acadar fondos FEDER) no Centro do Plástico, no que participan tamén a UDC e a Asociación de Empresarios del Plástico.
  - Aparecen orzados 100.000 € para concursos de ideas dos proxectos dos novos centros, como a ampliación do Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT) no pavillón do comedor universitario en Ferrol.
  - P3.1. Fomento da relación con outros grupos de investigación
    - As bolsas de mobilidade internacional UDC-Santander destinan 72.000 €, financiados ao 50% polas dúas entidades, á 10 bolsas de mobilidade internacional de investigadores da UDC.
    - As bolsas de mobilidade internacional de profesores (15.000 €) complementáanse coas bolsas para a mellora da calidade da docencia (50.000 €), que tamén son utilizadas para promover a mobilidade.
  - P4.1. Ampliación das infraestruturas de investigación
    - Actualmente está en execución o investimento dos 449.500 € acadados para equipamento dos Servizo de Apoio á Investigación (SAI) na convocatoria de anticipos, que poderá dar lugar á incorporación parcial do crédito.
  - P4.2. Optimización das infraestruturas de investigación
    - Ao servizo de mantemento de equipamento científico vixente, cun custo de 185.000 € anuais, engadiuse o mantemento de 3 equipos de alta tecnoloxía dos SAI por 44.000 € anuais, e dotouse a os SAI dunha partida propia de mantemento de maquinaria, instalacións e equipamento (35.000 €).
    - Os SAI dispoñen de 35.000 € en concepto de axudas de custo e locomoción para a asistencia do seu persoal a eventos científicos.
  - P5.1. Organización dos servizos de xestión da investigación
    - O orzamento contempla a cobertura da totalidade da RPT, e en particular do Servizo de Investigación. O custo axústase ao previsto



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA  
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



plano estratéxico  
da universidade  
da coruña 2005-2010

- na Programación Plurianual (incremento do custo do PAS do 11% respecto ao exercicio 2007).
- Acadouse financiamento da Consellería de Traballo e do Ministerio de Educación y Ciencia para a contratación de 2 técnicos superiores nunha unidade de xestión de proxectos europeos.
  - P5.2. Simplificación da xestión
    - Contémplanse destinar 30.000 € á normalización administrativa, co gallo de simplificar a xestión.
    - No capítulo 6 contémplanse 150.000 € na partida de Investimentos para o apoio á xestión.
    - Ademais de manter a dispoñibilidade de partidas do orzamento 2007, no de 2008 introdúcese o reparto dunha parte da produción científica. A cantidade repartida é o 50% da obtida en 2007. O resto dos fondos repartiranse para axustar a cantidade que lle corresponde a cada grupo de investigación ou departamento.
    - Incorpóranse ao orzamento os importes totais de bolsas Erasmus e outras bolsas, incluídas as previsións de axudas, co gallo de axilizar a súa xestión.
  - P6.1. Fomento das relacións Universidade Empresa
    - En lugar de manter as achegas que antes se facían para axudar a sufragar os gastos correntes e de capital das sociedades do parque tecnolóxico, destínanse 90.000 € á ampliación de capital da sociedade. Isto non só ten vantaxes fiscais, senón que permite a inminente incorporación doutras institucións no mantendo o control por parte da UDC.
    - O premio á mellor iniciativa empresarial xurdida do viveiro de empresas non se recolle no orzamento debido a que se acadou o financiamento de Caixa Galicia, que se fai cargo directamente do pagamento (6.000 €).
  - P6.2. Proxección das infraestruturas de investigación
    - A UTC dedicará 160.000 € para accións de mellora e certificación (capítulo 2).



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA  
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



plano estratéxico  
da universidade  
da coruña 2005-2010

## RELACIÓNS COA SOCIEDADE

- P1.1. Fortalecer a dimensión de centralidade do campus e a súa relación coa cidade e o seu territorio
  - Está previsto investir 600.000 € para a instalación de servizos universitarios nos baixos do estadio, nun proxecto que se integraría no do campus-center.
- P1.2. Accesibilidade dos Campus
  - Órzanse 100.000 € para a regulación do tráfico e o estacionamento nos recintos dos campus, para o cal están sendo analizadas actualmente varias alternativas.
  - O Plano de desprazamentos urbanos forma parte das actuacións incluídas nun convenio coa Consellería de Medio Ambiente que está tramitándose actualmente.
  - Estarán destinados á revisión da sinalización dos campus 50.000 €.
- P2.1. Ampliación de actividades culturais
  - As actividades das aulas de teatro e danza suporán un gasto de 49.000 €.
  - O orzamento das actividades musicais alcanza os 54.000 €.
  - Destínanse 10.000 € á produción propia de exposicións.
  - Da partida Cursos e conferencias –Vicerreitoría de Cultura e Comunicación (140.000 €) vense destinando sobre unha terceira parte a cursos de verán, aínda que se espera obter financiamento externo para estas actividades.
  - Os orzamentos para actividades culturais vense complementando con achegas da Deputación da Coruña (90.000 € en 2007).
- P2.2. Habilitación de instalacións culturais
  - Destínanse 400.000 € á remodelación do Centro Cultural de Riazor, no antigo edificio de Maxisterio.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA  
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



- As esculturas de Manuel Patinha que actualmente están en depósito na UDC poderían pasar a ser propiedade da institución, segundo un acordo acadado co escultor, por uns 86.000 €.
- P3.1. Fortalecemento da dimensión internacional da UDC
  - O programa Erasmus supón en 2008 un gasto duns 582.000 € (490.000 € para mobilidade de estudantes, resto para a de profesores e organización), subvencionado nun 81%. O feito de incluír as subvencións no orzamento facilita a xestión das axudas.
  - A partida de Información e divulgación da Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais inclúe 20.000 € para a proxección exterior da UDC.
  - Ademais das bolsas xa mencionadas, as Erasmus, o programa Leonardo, as bolsas UDC-Santander para a mobilidade internacional de investigadores ou as bolsas da Fundación La Carolina, o Banco Santander comprometeuse a financiar o próximo ano a estada de 10 alumnos da UDC en universidades latinoamericanas durante un semestre.
- P4.1. Extensión das actividades deportivas
  - A partida de competicións deportivas descentralizadas, creada no ano 2007, ten unha dotación en 2008 de 10.000 €.
- P4.2. Ampliación e acondicionamento de instalacións deportivas
  - A habilitación dos baixos do estadio para actividades deportivas absorbería en torno a 0,5 millóns do orzamento total das obras.
  - Caixa Galicia está a investir directamente 300.000 € no acondicionamento da Aula Náutica do dique.
  - Orzáronse 150.000 € para adquisición de material deportivo destinado, entre outras, ás instalacións citadas.
  - A Consellería de Cultura e Deporte inviste directamente 1,5 millóns de euros para a ampliación das instalacións deportivas (pista de atletismo) na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física entre 2007 e 2009.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA  
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



- P5.1. Potenciación da imaxe da UDC
  - Neste apartado teñen unha clara incidencia moitos dos gastos e investimentos recollidos noutros apartados, como os gastos no programa MiUDC, o incremento dos gastos en actividades musicais (destinado a viaxes do coro e a orquesta), ou as bolsas da Fundación La Carolina, ou os gastos en proxección internacional.
  - A adquisición das esculturas de Manuel Patinha acompáñase do acordo con este artista para realizar unha serie limitada de reproducións da súa obra como obsequio institucional, sen custo adicional. O custo material asumiríase coa partida de Información e divulgación - VCC (dotada con 220.000 €).
  - Con cargo á partida anterior abordárase tamén a segunda fase da renovación da imaxe corporativa. A primeira fase (que inclúe un libro de presentación da UDC), abordada co orzamento de 2007, estará lista nas próximas datas.
- P5.2. Potenciación da política de comunicación
  - A partida de Relacións institucionais (Secretaría Xeral) incrementa a súa dotación ata os 120.000 € para poder atender gastos como os derivados da concesión de doutoramentos honoris causa e medallas da UDC.
- P6.1. Aplicación progresiva do plano de normalización lingüística
  - O orzamento do Servizo de Normalización Lingüística mantén o seu orzamento arredor dos 50.000 € tras o esforzo realizado para a implantación do Plano de normalización.
- P7.1. Xestión ambiental
  - A Oficina de Xestión Ambiental ten asignado un orzamento de 50.000€, máis 23.000 € para bolsas. Estanse a negociar convenios que se espera permitan incrementar substancialmente estas dotacións.
- P7.2. Adaptación dos campus aos principios da arquitectura ecolóxica
  - O Plano enerxético da UDC ten unha dotación de 150.000 €.





UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA  
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



- P7.3. Adaptación dos campus aos principios do urbanismo sostible
  - O orzamento para a Rehabilitación do Monte da Fraga, cofinanciada pola Consellería de Medio Rural, é de 50.000 € en 2008.
- P7.4. Seguridade e hixiene
  - A partida para obras de seguridade e hixiene está orzada con 315.000 €.
- P8.1. Desenvolvemento de Convenios urbanísticos na Coruña
  - Contémplanse tres subpartidas para urbanización:
    - Dúas no Campus de Elviña, por un total de 200.000 €.
    - Unha no Centro Universitarios de Riazor, con 60.000 €.
- P8.2. Incorporar ao Plan Xeral de Ordenación Urbana de Ferrol a ampliación do Campus Universitario
  - O Concello comprometeuse a ceder unha parcela duns 3.500 m<sup>2</sup> no antigo cuartel Sánchez Aguilera.
  - Todas as opcións que se consideran actualmente na negociación da ampliación principal do Campus están situadas no entorno de Esteiro.
- P9.1. Fomento da cultura solidaria
  - As axudas para a cooperación e desenvolvemento pasan dos 15.000€ de 2007 a 30.000 € en 2008. Esta achega vese complementada coa captación de fondos doutras institucións.
- P9.2. Fomento do software libre e os estándares abertos
  - No ano 2008 está prevista a descentralización por parte da xunta de Galicia das axudas á Forxa do Software Libre, que en 2007 estaban centralizadas na UDC. No próximo exercicio contémplase un orzamento de 100.000 €, garantidos pola UDC. A expectativa é que un 40% sexan financiados pola Xunta.
- P10.1. Áreas residenciais universitarias
  - A construción da área residencial no campus de Elviña supón o investimento extraorzamentario de máis de 20 millóns de euros, financiados pola Consellería da Vivenda e Solo.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA  
E PLANIFICACIÓN ECONÓMICA



plano **estratéxico**  
da **universidade**  
da coruña 2005-2010

- O proxecto de Residencia Universitaria en Ferrol, no que interveñen, ademais da UDC, o Concello de Ferrol, Ministerio de Defensa e Xunta de Galicia, comparte o carácter extraorxamentario. Estanse a realizar xestións coa Consellería de Vivenda e Solo e o Ministerio de Vivenda para a necesaria rehabilitación do posible edificio no antigo cuartel Sánchez Aguilera.